

PONTEAREAS**A N U N C I O**

Ao non producirse reclamacións contra a aprobación provisional das seguintes modificacións das ordenanzas fiscais municipais, aprobadas pola Corporación Municipal en sesión plenaria do 28 de abril de 2014 quedan elevados os acordos a definitivos, cujos textos íntegros son os seguintes:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENSEÑANZAS
NA ESCOLA DE MÚSICA “VILA DO CORPUS” DO CONCELLO DE PONTEAREAS.**

ARTIGO 7.—BENEFICIOS FISCAIS:

Os membros da familia numerosa xeral terán unha bonificación na matrícula e na cuota mensual dun 50%.

Os membros de familia numerosa especial terán unha exención na matrícula e na cuota mensual do 100%.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENSEÑANZAS
NO CONSERVATORIO DE MÚSICA DO CONCELLO DE PONTEAREAS**

ARTIGO 6.— BENEFICIOS FISCAIS:

Alumnos empadroados no municipio de Ponteareas terán unha bonificación na cuota mensual de 40%.

Alumnos do último curso de cada grao elemental que teñan que matricularse nunha soa asignatura e alumnos do último curso do grao profesional que teñan que matricularse dunha asignatura o importe da matrícula redúcese nun 50%.

Os membros da familia numerosa xeral terán unha redución na cuota tributaria regulada no artigo 5º do 50%.

Os membros de familia numerosa especial terán unha exención do 100% na cuota tributaria da taxa regulada no artigo 5º.

En dita cuota tributaria regulada no artigo 5 sobre a que se declara os beneficios fiscais referidos nos dous párrafos anteriores para membros de familias numerosas se entenden incluídos todos os supostos ou servizos obxecto de gravamen que configuran a cuota tributaria:

- Matrícula curso completo grao elemental.
- Inscripción por primeira vez.
- Matrícula curso completo de grao medio.
- Proba de acceso de grao medio;
- Cuota mensual

Alumnos que se matriculen nunha segunda especialidade instrumental, o importe da matrícula redúcese un 50%.

Contra as presentes disposicións xerais os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, 26 de xuño de 2.014.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2014005880